



asociación de
**escritoras
escritores**
en lingua galega
www.aelg.gal

ROTEIROS LITERARIOS POLA PROVINCIA DA CORUÑA 2020

ROTEIRO LITERARIO POLA VILA DE MUXÍA CON XAN FERNÁNDEZ CARRERA

COLABORA



CONCELLO DE
MUXÍA

PATROCINA



Deputación
DA CORUÑA

A Muxía que viviu Gonzalo López Abente

A Muxía na que viviu o poeta muxián, comprende un período histórico de máis de oitenta anos que abarca desde o último cuarto do século XIX ata algo máis da metade do século seguinte.

Esta vila mariñeira que naceu ao abrigo do monte Corpiño, cara a finais do século XIX e comezos do seguinte, estaba constituída por un pequeno núcleo de arredor dos mil habitantes. O seu casarío estendíase de norte a sur desde o Cabo da Grixá ata a praza do Cabo da Vila. Carecía dos servizos máis básicos como estrada ou luz eléctrica e tiña escaseza de auga e doutros produtos tan elementais como leña, cereais, froitas ou verduras.

Os produtos extraídos do mar, a súa maior riqueza, aptos para a comercialización eran as sardiñas salgadas e o congrio curado. Os demais peixes destinábanse ao autoconsumo ou trocábanse nas aldeas próximas do interior por produtos agrarios que non se producían nas áridas terras muxiás, como o millo, trigo ou fabas.



Antigas Embarcacións na praia das Lanchas de Muxía (R.Caamaño, 1925)

Ademais da clase mariñeira, a maioritaria, no núcleo urbano había un grupo social que vivía do comercio, sobre todo da venda de encaixe, que deu orixe a unha pequena burguesía de tipo liberal que construírá as súas vivendas na praza do Cabo da Vila e ao longo da rúa Real. A familia do poeta muxián pertencía a esta pequena burguesía. O seu

pai fora alcalde da vila polo partido liberal e as súas irmáns contraeron matrimonio con membro desta mesma clase.

Nun artigo que publica López Abente no xornal local *El Eco de Mugía* (nº 21, 13-9-1903) descríbennos como era a súa vila natal por estes anos. Manifesta que o seu núcleo se dividía en dúas partes, a antiga e a moderna. Na primeira, situada ao norte, estaba a tradición e a historia, á que el denomina o rexistro dos recordos, e na segunda, ao sur, a vida e o porvir. Naquela, situada ao abeiro do monte Corpiño, localizábanse as pequenas casas dos mariñeiros e tamén a igrexa parroquial de Santa María, un pequeno templo románico de transición cara ao gótico.

“Las casitas bajas y pequeñas estendidas en la falda del monte Corpiño, cuya mole de inmensos pedruscos las abriga de los nortes helados y les refleja la luz y el calor del mediodía, nos hablan de aquellos sencillos pescadores que huyendo del frío y de los peligros del invierno buscaron allí refugio y levantaron sus albergues; para lanzarse nuevamente, con el despertar de la vida de la naturaleza, a las duras faenas de la vida del mar (...)

Allí está la iglesia parroquial, en último extremo, elevándose sobre el nivel del pueblo, mostrándose como la única esperanza y haciéndonos comprender, en sus negras y carcomidas paredes, el transcurso de centenares de años que lleva de vigilancia y custodia de la fe de aquel pueblo sencillo y creyente”.

A partir da Praza, refírese á praza da Constitución, o núcleo mostra un aspecto diferente: rúas dun trazado máis rectilíneo e casas máis espazosas e cómodas.

“Ya en la plaza, y mirando para el sur, adquiere el pueblo otro aspecto completamente distinto. Es el despertar de un sueño. Es la vida con sus luchas y sus placeres, con sus sufrimientos y sus alegrías. Es el presente con el olvido del pasado y con las ilusiones y esperanzas del porvenir”.

Las calles son más regulares, las casas más cómodas y más altas.

Na praza do Cabo da Vila, acláranos, que é onde mellor se percibe este cambio. Sobre o areal que formaba o tómbolo peninsular abríranse as novas rúas e levantaránse as modernas edificacións.

“Ya en el Cabo da Vila desaparece todo lo antiguo. Aquel inmenso arenal despreciado por los viejos, que lo tenían por inútil y de imposible aprovechamiento, hállase totalmente transformado. Allí levántanse las casas más hermosas; extiéndense las calles más espaciosas y animadas; y por último, enciérrese allí la vida entera del pueblo”

Todos recordamos la construcción de este extremo de la villa, como recordamos el rápido adelanto en la exportación de los encajes. Hoy el pueblo y la industria están en su apogeo”.

Parece ser que moitas familias abandonaron a actividade pesqueira e a navegación, para converterse en comerciantes de encaixe. Percorreron as rexións de España, primeiro, e despois chegaron aos países de América. A mellora e o desenvolvemento da vila, segundo el, vai parello a esta nova actividade comercial.

“Todo en esta parte nos hace ver aquellos tiempos, no lejanos, en que los mugianes abandonaban las rudas faenas de la pesca y navegación y, con sus pequeños ahorros reducidos a lotes de puntillas, trocábanse en comerciantes ambulantes que, después de haber recorrido las regiones de España, llegaron a Cuba y Buenos Aires” (...)

Marcha estrechamente unido este desarrollo y mejoramiento del pueblo, con el desarrollo y mejoramiento de la nueva industria”.

Noutro artigo publicado neste mesmo xornal (15-7-1903), Manuel Balboa, cuñado do poeta, e máximo representante da comercialización do encaixe, critica a falta de servizos públicos na vila. Expón, que a pesar de que o núcleo duplicou o seu número de habitantes con respecto a anos atrás, a falta de servizos segue a ser moi patente. As deficiencias canto á auga potable, sistema de alumado, lavadoiro público, hixiene nas rúas, cemiterio, escolas ou camiños eran moi notables.

Estamos sin agua potable y con mucha escasez de la mala que bebemos (...). El pueblo no parece de sed en los meses de calor gracias a los pozos particulares cuyos dueños facilitan gratuitamente agua a todos los que a ellos concurren(...). El alumbrado que fue tan cacareado por nuestros ediles, quedó en proyecto (...). El lavadero público es un riachuelo con la inmundicia en su fondo de quince generaciones (...). Las calles de esta villa, que se prestan para tenerlas aseadas, para lo cual bastaría recomendar, bajo multa al que contraviniese, que todos los vecinos mandasen barrer sus puertas una vez por semana (...).



Instalación de farois na praza do Cabo da Vila (R. Caamaño, 1926)

Del cementerio sería poco cuanto dijese, la necesidad de hacer uno más amplio en sitio adecuado con arreglo a la vigente ley de sanidad (...). Para hablar de las escuelas, con el detenimiento debido, necesitaría más tiempo y más local del que puedo disponer dentro de este artículo (...). Los caminos vecinales no merecen este nombre; son más que caminos, despeñaderos (...).

A primeira contratación de alumeamento público prodúcese no ano 1907, sendo alcalde da vila Daniel Vázquez Paz. Contrátase a adquisición e colocación de 40 farois por un importe de 1200 ptas. O instalador será Ramón Segundo Lema e o arrendo anual deste servizo, que utilizaba como combustible o petróleo, ascendía á cantidade de 2000 ptas. En 1910 elabórase o primeiro proxecto de abastecemento de auga para a localidade, un servizo moi necesario, xa que como se indicou, había moita escaseza dela. O autor do proxecto foi o enxeñeiro coruñés Estanislao Pan y Pérez. Mais a obra non se realizaría ata oito anos despois, subvencionada pola Deputación da Coruña e o concello muxián. Houbo unha reclamación dos veciños de Chorente, incluído o alcalde dese momento, José Calo, que era desta aldea. Isto deu lugar a un litixio que se prolongou ata finais dos anos vinte.

A estrada non chega a Muxía ata 1916, ano no que se abre a vía que unía esta localidade con Berdoias, lugar no que enlazaba coa vía, que procedente de Fisterra, se dirixía á cidade da Coruña.

Carré Aldao na súa *Geografía General de Reino de Galicia* (ca1928: t.3º, 254) , non lle dedica moito espazo á descrición desta vila, non obstante, esténdese moito máis sobre o Santuario da Virxe da Barca e as Pedras da punta de Xaviña. No referente á localidade lémbrenos que a auga é escasa e que no centro urbano non a hai potable; que o seu casarío é de regular aspecto, que está alumeada por petróleo e carece de rede de saneamento.

Por estes mesmos anos vinte, o viaxeiro inglés Aubrey F.G. Bell, descríbenos tamén como era a vila da Barca:

“Muxía é unha vila gris e branca (duns 1200 habitantes), granito e cal, rochas e espuma, sobre un istmo estreito que sobresaí sobre a ría xusto enfronte de Camariñas.

Está varrida polo vento e os tellados tiñan ringleiras de pedras todo ó longo deles, ás veces a dez ou doce ringleiras nun tellado. Na parte interior do istmo o mar é azul e a area branca; na parte exterior o mar roxe e espuma entre as rochas (...).

Muxía nin ten telégrafo nin luz eléctrica, pero os xornais da Coruña chegan o mesmo día da súa publicación por dilixencia ou a cabalo dende Berdoias. O encanto e a desolación do lugar e a súa contorna cantounos o poeta don Gonzalo López Abente que vive aquí”.

A finais desta década chega á localidade a luz eléctrica procedente da pequena central que o médico don Cándido Insua instalou no río Negro dos Muíños e aparecen as primeiras embarcacións propulsadas a motor, primeiro con combustible de gasolina e despois de gasóleo, que suporán un gran avance para o mundo do mar. Con elas

dedicaranse á pesca do congro, abadexo, sardiña, xurelo ou lagosta. A comercialización do encaixe sofre un fondo retroceso debido á crise económica de 1929, sobre todo nos países americanos, que eran o principal mercado desta artesanía.

Trala proclamación da II República en 1931, constitúense as primeiras agrupacións sindicais e políticas na localidade e créase o sindicato de *Profesiões e Ofícios Varios* de Muxía. E en 1935 aparece a agrupación local de *Izquierda Republicana*, na que se van integrar a maioría dos simpatizantes republicanos que había na vila, que se agrupaban arredor do casino situado na zona da Ribeira. Por estes anos existía tamén a asociación Nuevo Casino que tiña o seu local nunha das casas da praza da Constitución, impulsada por simpatizantes da dereita.



[Antigo Casino de Muxía que daba á rúa Real e á Ribeira \(R. Caamaño, 1927\)](#)

Cando en xullo de 1936 se produciu o golpe militar contra o goberno democrático, o alcalde de Muxía, Manuel Agrelo, xunto con varios concelleiros da corporación, van ser detidos, pero pola mediación da familia dos Abente ou Balboa, que algúns dos seus membros tiñan relación con persoas do réxime franquista, en Muxía non se produciu unha dura represión, como sucedeu noutras vilas das contorna onde había organizacións republicanas, pero si que houbo sancións económicas sen xustificación, actuacións exemplarizantes contra un grupo de mulleres ou expulsións do posto de traballo como a levada a cabo contra López Abente, quen tivo que abandonar o Banco Pastor.

A guerra provocou unha profunda crise económica que se prolongou ata os anos cincuenta, un longo período marcado pola miseria, a represión e o medo. Vólvese a unha economía de autoconsumo dado que a comercialización do encaixe e a do peixe reducíronse por falta de demanda.

As especies que tiñan unha maior aceptación no mercado eran o congro, que se vendía aos secadoiros locais, e o abadexo, que se salgaba en píos e logo se enviaba á Coruña, e desde alí, a Barcelona. Tamén se comercializaba peixe nas aldeas de arredor que levaban as peixeiras. Boa parte deste peixe trocábase por produtos do campo: fariña, millo, fabas, patacas, froita ou carne de porco.

Cara a finais dos anos cincuenta e na década seguinte, principia a transformación urbanística coa construción de novas vivendas, a pavimentación das primeiras rúas e a construción das escolas, e máis tarde, as Casas Baratas, iniciándose así a urbanización da zona da Camposa, na que anteriormente se situaban as hortas de maior superficie.

A partir dos anos sesenta a cotización do peixe experimentou unha notable mellora que fixo aumentar o nivel de vida da xente do mar. O descubrimento do banco pesqueiro do Canto nesta década, supuxo unha revolución do sector pesqueiro no porto muxián. Neste caladoiro capturábase sobre todo pescada, ollomol, dourada, bertorella ou castañeta, utilizando como arte o palangre, especies que acadaban un bo prezo no mercado. Durante os meses de verán a maioría das embarcacións cambiaban o palangre polas nasas da lagosta, unha especie abundante e de alta cotización no mercado. Por estes anos comeza o despegue económico da Muxía mariñeira, que se prolongará ata finais dos anos oitenta.

BREVE BIOGRAFÍA DO POETA MUXIÁN

O poeta Gonzalo López Abente (1878-1963), cantor da Terra de Nemancos, como o seu parente Eduardo Pondal, o foi da Terra de Bergantiños, naceu no barrio muxián do Cabo da Grixá, denominado así por situarse preto da igrexa parroquial de Santa María. Os seus pais procedían da burguesía local. O pai, Francisco López García, foi capitán da mariña mercante e alcalde de Muxía varios anos. A súa nai, Julia Abente Lago, era filla do médico Leandro Abente Chans, o primeiro Abente que se instala en Muxía. Os seus proxenitores preocupáronse de darlle unha boa formación académica e cultural, por iso aos nove anos mandárono para Santiago de Compostela a estudar o bacharelato e a carreira de Dereito. Rematados os estudos, volve para a Muxía a traballar na banca

privada do muxián Manuel Lastres, cuñado seu, alcumado “O Millonario”, polo seu poder económico.



Gonzalo López Abente (R. Caamaño, 1946)

López Abente desde moi novo comezou a publicar artigos e poemas, primeiro en xornais locais, e despois en xornais e revistas galegas e da emigración latinoamericana. Dirixiu o xornal local “El Eco de Mugía”, que se publicou os primeiros anos do século XX. Casa en 1909 con Balbina Abente Myszkosvski, curmá súa, filla do seu tío Victorino Abente, tamén poeta. Enviuvou ao ano do seu matrimonio, ao falecerlle a dona no primeiro parto. Feito que lle afectou profundamente á súa vida persoal, e que se verá reflectido constantemente na súa obra.

Durante o primeiro terzo do século XX participará nos movementos políticos e culturais da época. Foi representante local da Irmandade Nacionalista Galega, e asistiu á Asemblea Nacionalista celebrada en Lugo en 1918. Colabora na revista *A Nosa Terra*, voceiro do movemento galeguista. Foi membro do Seminario de Estudos Galegos e chegou a ser presidente da Asociación de Escritores de Galicia.

Tralo golpe militar de 1936, foi perseguido e sufriu represalia polas súas ideas republicanas e galeguistas, e viuse apartado do seu traballo. Continuou na súa Muxía natal, vivindo un exilio interior, aínda sen deixar de escribir e publicar, pero agora faino nas revistas da emigración.

En 1940 será elixido membro da Real Academia Galega, ocupando a cadeira do escritor Manuel Lugrís Freire. A partir deste momento intensifica as súas viaxes á Coruña para acudir ás reunións desta institución e para visitar aos familiares que residían nesa cidade. Tamén participará en faladoiros, xunto con outros amigos do mundo da cultura.

Nos últimos anos apenas sae da que foi a súa vila natal, vive na súa casa da rúa Virxe da Barca, acompañado da súa irmá Julia. A súa vivenda aínda se conserva, pero moi modificada, despois de ser vendida pola familia a un particular.

Faleceu en Muxía o 23 de xullo de 1963, aos 85 anos, e foi soterrado no cemiterio parroquial de Santa María. Aos oito anos do seu falecemento, a Real Academia Galega acorda dedicarlle o Día das Letras Galegas. Con motivo desta celebración faranse unha serie de actos en Muxía nos que participarán as autoridades locais, familiares, o presidente da Academia, Sebastián Martínez Risco e persoas da cultura. Este día inaugurouse un monumento dedicado a súa figura e presentouse o seu libro *Monza de frores bravas para Nosa Señora da Barca*.

Gonzalo López Abente dispón dunha extensa obra poética recollida en oito libros.

Cinco deles publicados en vida do autor: *Escumas da Ribeira* (1911?), *Alento da Raza* (1917?), *Do Outono* (1924), *Nemancos* (1929) e *Centileos nas ondas* (1958). Os outros tres: *Decrúa* (1966), *Monza de frores bravas para Nosa Señora da Barca* (1971) e *Bretemada* (2011), son posteriores ao seu falecemento. En 1995 editouse unha *Antoloxía poética*, elaborada polo poeta Miro Villar.



[Plenario da Fundación Gonzalo López Abente](#)

A constitución en 2011 da Fundación que leva o seu nome foi primordial para dar a coñecer a vida e a obra deste escritor muxián. A súa figura fora esmorecendo co paso dos anos e nas librerías xa non se podían adquirir ningunha das súas obras. Ademais das

actividades que organizou a Fundación para dar a coñecer a súa personalidade, tamén se propuxo publicar a súa obra. Primeiro viu a luz o inédito *Bretemada*, en edición de Miro Villar. A continuación publicouse a *Narrativa mariña* (2012), na que se recollen cinco noveliñas curtas: O deputado por Beiramar, O novo xuez, Buserana, Fuxidos e O escándalo, en edición de Suso Sambade. E por último, a *Poesía Completa* (2013), en edición tamén de Miro Villar, na que como indica o seu título, se reúne toda a súa obra poética. Neste mesmo ano tamén se editou unha *Unidade Didáctica*, coa finalidade de achegar este autor ao público escolar. Nun futuro está proxectado publicar a súa novela *Vaosilveiro* e a obra de teatro *María Rosa*.

Na súa obra poética percíbese a influencia do bardo Eduardo Pondal, sobre todo no seu primeiro libro. Segundo Salvador Lorenzana (pseudónimo de Francisco Fernández del Riego) “O modernismo percutiu, dalgún xeito, na produción lopezabentiana, porque foi un fenómeno espaxiado no seu tempo”. A influencia da paisaxe local, sobre todo do mar bravío da costa muxiá, ese mar “abalante, inqueda, forte e rexo”, percíbese en toda a súa obra, por iso está considerado como o gran poeta do mar.

A súa mestría clásica amósase no libro *Do Outono*, para Miro Villar, o mellor poemario, “onde máis se evidencia o feitío clásico do poeta, o seu dominio da medida e do verso e o seu traballo de depuración e labra das palabras”.

A súa obra en prosa intenta superar a narrativa folclórico-ruralista anterior e situala nun contexto máis vilego. O amor, o costumismo mesturado con notas realistas, a crítica ao caciquismo e a defensa dos personaxes populares fronte aos señoritos chegados de fóra, son características moi presentes na súa prosa. Trátase de “unha prosa áxil en pequenos cadros que nos vai facendo coñecer a vida da xente das vilas nas que se desenvolve”, en palabras de Suso Sambade (información extraída do libro *Descubre Muxía*, Fernández Carrera, X. X., 2014: 65-69).

ROTEIRO

A intención deste roteiro é percorrer aqueles lugares da península de Muxía máis significativos da historia desta vila, pero ao mesmo tempo tamén aqueles espazos máis relacionados coa vida e obra de Gonzalo López Abente, o persoeiro máis insigne desta localidade mariñeira, escritor que permaneceu toda a súa vida nela e que reflectiu na súa poesía aqueles espazos aos que máis se sentía unido emocionalmente.

Iniciamos o percorrido no miradoiro da Cruz, situado á entrada da península na que se asenta o núcleo muxián. A continuación trasladámonos ao monumento que honra ao poeta co motivo da dedicación do Día das Letras Galegas do ano 1971.

Seguimos o itinerario a través do paseo marítimo que bordea o mar da antiga Ribeira, espazo actualmente moi transformado, no que desapareceron moitos lugares referenciais do antigo trazado costeiro e que o escritor muxián percorreu. Nesta parte aínda quedan elementos significativos como o peirao de don Manolo ou a casa (substituída por un novo edificio) na que se aloxou Rosalía de Castro cando no ano 1853 veu á romaría da Barca.

A través da antiga Rambleta chegamos á rúa Real e entramos na praza da Constitución, a principal da Muxía histórica, na que se realizaba o mercado e as festas da Barca, e na que se situaba a antiga casa do concello. Moi preto dela localízase a casa na que viviu o escritor muxián, hoxe moi modificada. Desde este lugar desviámonos á esquerda para subir á praza do cruceiro da Grixá, recuncho significativo para López Abente porque el naceu nunha edificación próxima e viviu alí os primeiros anos da súa infancia.

Continuamos pola rúa Encarnación ata a da Virxe da Barca, que nos conduce cara ao santuario. Paramos fronte á igrexa parroquial de Santa María para observar o exterior deste templo medieval e continuamos polo paseo que bordea o mar e nos permite gozar de excelentes panorámicas sobre a ría. Realizamos un pequeno alto no camiño na furna da Rechinola, á que Abente lle dedica unha das súas composicións poéticas. Desde este lugar enxergamos cara ao norte a punta do cabo Vilán, coroada pola torre do faro.

A seguinte parada farémola no santuario da Virxe da Barca e nas Pedras que hai ao seu carón, un dos lugares históricos e lendarios máis emblemáticos de Muxía. Desde aquí subimos ao miradoiro do monte Corpiño, unha auténtica atalaia para divisar toda a enseada de Muxía na que se sitúa o porto e o núcleo urbano, pero tamén para contemplar toda a paisaxe que o rodea.

Volvemos do miradoiro e tomamos o camiño da Pel, que bordea a península pola parte oeste. Destacan neste lado os muros ou valados das hortas que chegan ata o mar, a Sala do Perello e a fonte da Pel. Baixamos pola rúa Atalaia e viramos á dereita para coller a da Pedriña e chegar ao secadoiro de congro de Castro, o único no que se cura de xeito artesanal este peixe. Un carreiro a rentes da costa lévanos ao paseo do Coído e a súa praza, a que fora considerada como Zona Cero na catástrofe do Prestige, onde rematamos o roteiro.

PARADA 1: MIRADOIRO DA CRUZ

A punta da Cruz separa a praia que leva este nome, da enseada pola que se estende o núcleo urbano de Muxía. Esta zona hoxe axardinada e cun paseo que a circunda, anos atrás era un baldío presidido polo cruceiro, que aínda hoxe se conserva.

Este lugar marcaba o límite entre a extensa parroquia de San Xulián de Moraime e a de Santa María de Muxía, esta de reducido tamaño. A razón de situar aquí o cruceiro puido ser a de sinalar este lindeiro entre estas dúas freguesías, substituíndo a unha antiga cruz que cumpría este mesmo cometido.



[Cruceiro do miradoiro da Cruz e panorámica de Muxía](#)

O cruceiro consta dunha ampla plataforma de tres chanzos sen pedestal e un robusto varal de forma octogonal que remata nun capitel cuadrangular con colar. En cada esquina do capitel vense unhas figuras bastante erosionadas que semellan cunchas de vieira, polo que poderían aludir á relación que Muxía ten coa ruta xacobeá. Na cruz móstranse as imaxes de Cristo, mirando cara ao mar e a da Virxe, en posición orante, no lado oposto. Esta orientación das imaxes non é a orixinal, senón que se modificou cando o cruceiro foi restaurado, logo de ser derrubado pola instalación neste lugar dun circo no ano 1986.

Desde este miradoiro temos unha excelente vista da fachada marítima de Muxía e do seu porto, tanto o pesqueiro como o deportivo, este último inaugurado no ano 2010.

O paseo marítimo que vemos actualmente, substituíu a antiga estrada do Malecón que se abriu cara ao ano corenta do pasado século e que contaba cun peitoril ao longo do seu percorrido. Anteriormente había un extenso areal, a Area da Cova, no que a area chegaba á parte traseira das casas da rúa Real.

MUXÍA

Brandamente deitada no medio da ribeira
e ollando cara o ceo, acouga silenciosa
a branca e melancólica e doce compañeira
dos outos penedás da brava costa nosa.

Tecelana d'ensoños, fabrica na almofada
as randas milenarias dos albos areales
que treman milagreiros, na mañán encalmada,
nos refrexos azús dos mariños cristales.

E nos días de inverno, cando a fera tormenta
desatada en furores enrabexada alenta,
envolta no mantelo de vaporosa bruma
satisfeita sorríe e soña adormecida
no leito mol e morno que a iauga remexida
ofrécelle con tombos e folerpas de espuma.

Nemancos

PARADA 2: MONUMENTO DEDICADO A LÓPEZ ABENTE

Co motivo de que a Real Academia Galega lle dedicase o Día das Letras Galegas de 1971 a Gonzalo López Abente, oito anos despois do seu pasamento, organízanse na súa Muxía natal unha serie de actos o 15 de maio dese mesmo ano. O desenvolvemento desta xornada literaria comezou co recibimento da comitiva da RAG nas dependencias do concello, para despois dirixirse, conxuntamente cos membros da corporación e familiares do escritor, ao cemiterio parroquial e realizar unha ofrenda floral na tumba do poeta. A continuación visitou a súa casa natal situada na rúa Virxe da Barca, onde a súa

irmá Julia López Abente lle mostrou as dependencias. Os participantes continuaron o camiño pola rúa Real ata o xardín da Cruz, lugar no que foi inaugurado o monumento dedicado a autor, esculpido polo artista negreirés Andrés Barbazán, unha obra elaborada en rocha granítica, que representa a unha muller mariñeira cun neno no colo, agardando polo marido a que chegue do mar. Na columna que soporta a imaxe móstrase un medallón en bronce coa efixie do poeta. Logo da descuberta do monumento, comezaron as intervencións de Antonio Barros Valiña, alcalde muxián, Sebastián Martínez-Risco, presidente da RAG e Antonio López-Abente Lopez, representante da familia do poeta.



Monumento dedicado a G. López Abente no ano 1971

Rematou o acto coa actuación dunha coral polifónica. Logo dun xantar ofrecido polo concello aos académicos e familiares do homenaxeado, ás cinco da tarde, no antigo local do cine de Muxía, houbo un acto académico no que interviron o académico e escritor Xosé Filgueira Valverde quen disertou sobre a figura de López Abente e presentou a publicación do libro *Monza de frores bravas para a Nosa Señora da Barca*, un conxunto de 15 poemas inéditos dedicados á Virxe da Barca e que o poeta muxián lle entregara ao presidente da RAG no ano 1960, tres anos antes do seu falecemento. Levaba un prólogo de Martínez-Risco e un epílogo de Salvador Lorenzana (pseudónimo de Fernández de Riego). A obra editada pola propia Academia ten como ilustración da cuberta un retrato de López Abente que lle realizara o pintor coruñés Luis Quintas Goyanes, quen fora director do Museo Provincial de Belas Artes desa cidade.

PARADA 3: A RIBEIRA DE MUXÍA

Recibía este nome a parte costeira bañada polo mar interior da ría que daba á fachada marítima da vila, na súa maior parte formada por un amplo areal, que recibía os nomes de Area da Cova, a que estaba máis preto da punta da Cruz, e Praia das Lanchas, a máis

achegada ao núcleo urbano, esta última máis protexida dos ventos do nordés. Despois desta estaba a Ribeira do Capitán, un areal máis pedregoso.

A Praia das Lanchas, á falta de instalacións portuarias, facía de embarcadoiro e era o centro da actividade pesqueira e comercial de Muxía en vida do poeta muxián. Aquí ademais da pesca, descargábase o sal destinado ao alfolín, a fariña para os fornos de pan e outras moitas mercadorías que chegaban a través do mar desde os portos da Coruña ou Vigo e que se vendían en tabernas, ferraxerías e outros establecementos. Pero A Ribeira era tamén, sobre todo en tempo de verán, o lugar no que se preparaban os aparellos de pesca, espazo de xogos dos cativos e de relacións sociais da vila. Cando a partir dos anos corenta do pasado século se abre a estrada que bordeaba a Ribeira e se constrúe o Malecón, esta parte convértese tamén en zona de paseo e de encontro. Será a partir deste momento cando as novas casas que se constrúan nesta franxa marítima orienten a súa fachada cara ao mar, ao contrario do que sucedía anteriormente, que a tiñan cara ao interior do núcleo, levantando na parte posterior uns muros que pechaban pequenas hortas contra as que batía o mar polo inverno.

Actualmente toda esta parte está moi modificada desde a construción de novas edificacións a partir dos anos setenta e despois da realización do paseo marítimo do ano 1997.

Son moi poucos vestixios daquela desaparecida Ribeira. Un deles é unha parte do peirao de don Manolo, un pequeno embarcadoiro particular que construíra Manuel Lastres, adiñeirado muxián, que o fixera co intención de que nel atracasen as embarcacións que transportaran mercadorías para o almacén de cereais, comestibles e outros produtos, que tiña no baixo da súa vivenda, que pola súa parte traseira daba á Ribeira.

Este avogado e empresario que construíra a súa vivenda no soar onde actualmente está a oficina do Banco Santander, fundou tamén unha banca privada na que traballou como apoderado López Abente. Cando esta entidade foi absorbida polo Banco Pastor, o escritor muxián pasou a traballar neste banco ata que o réxime franquista o obrigou a abandonar este traballo. Tamén sería sancionado o propio Manuel Lastres, de ideas republicanas, membro da ORGA e máis tarde de Unión Republicana, quen chegou a ser deputado provincial e gobernador civil de Lugo, en tempos da ditadura de Primo de Rivera.

A carón da casa de Lastres estaba a sociedade cultural e recreativa do Casino, lugar de encontro da pequena burguesía comercial desta vila, de ideas republicanas. Despois do

golpe de estado de 1936, foi intervida e os seus bens incautados para máis tarde quedar no abandono. O seu soar aínda se conserva na actualidade.

Continuamos camiñando polo paseo marítimo ata chegar a antiga Rambleta, a principal saída cara ao mar que había neste núcleo. Por esta rampla subíanse as embarcacións en tempo de inverno para as rúas do interior para protexelas dos temporais. No edificio que fai esquina que actualmente acolle o bar A Marina, había unha antiga casa cun balcón cara ao mar, na que vivía o médico Leandro Abente Chans. Nela albergouse Rosalía de Castro cando veu pasar as festas da Barca de 1853, acompañada de Eduarda Pondal, irmán do poeta da Ponteceso, e sobriña deste doutor. A irmá de Pondal faleceu debido a unha enfermidade contaxiosa, posiblemente o tifo e Rosalía tamén padeceu esta mesma doenza pero tivo a sorte de sobrevivir. A intensa experiencia que viviu a escritora galega durante esta estancia en Muxía servíralle de motivación para compoñer o poema “Nosa Señora da Barca” e a novela *La hija del mar*.



Embarcadoiro da praia das Lanchas. Na primeira casa da esquerda foi na que se albergou Rosalía de Castro no ano 1853 (R. Caamaño)

Rosalía queda moi impresionada pola paisaxe costeira e o mar bravío deste litoral muxián que reflectirá na súa obra, moi distinta a esa paisaxe moito máis serea e agarimosa do interior na que ela se criou. Así nolo indica a profesora e investigadora da paisaxe literaria María López Sande:

“En *La hija del mar* atopa unha expresión magnífica a paisaxe sublime que a estética romántica nos ensinou a apreciar e que chegou a erguerse, grandiosa, por riba dos espazos amables e bucólicos (...).

O mellor de *La hija del mar* é xustamente a forza dos seus espazos, a construción dunha Muxía sublime, que expresa dor e esgazamento, máis tamén forza e afouteza (...)

Rosalía, que coñeceu de moza Muxía e a cantou fermosa, leda e festiva nos *Cantares gallegos*. Soubo ver o seu potencial para encarnar a Galicia sublime (...). (La Voz de Carballo, 15-11-2020).

Rosalía Castro no seu poema sobre a romaría da Barca fai alusión á esta Ribeira de Muxía de branca area, á que arriban as embarcacións cheas de romeiros.

¡Canta xente, canta xente
por campiñas e por veigas!
¡Cánta polo mar abaixo
ven camiño da ribeira! (...)

Ramo de frores parece
Muxía a das altas penas
con tanta rosa espallada
naquela branca ribeira
con tanto caraveliño
que reloce antre as areas,
con tanta xente que corre,
que corre e se sarandea
ó son das gaitas que tocan
e de bombas que rebentan (...).

Aquí na Ribeira estaba o bólo de Domingo de Deus, un penedo con formas redondeadas, ao que López Abente lle dedica un poema no que expresa a dor pola súa desaparición.

¡POBRE DOMINGOS DE DEUS!
Era un enorme penedo,
alto, redondo, que en pe
vixilaba na ribeira
batida polo nordés.

Nascera sabe Deus cando ...
os séculos ao correr

sen mosar súa fortaleza
pasaron por riba del.

Era mouro, requeimado,
esquivo, duro de seu,
pero tiña a alma nobre
ea enxebreza dun doncel,
emporiso algunhas veces
sentíase estremecer
ao recibir no seu seio
as apreixas da maré
ou beixos de ouro caídos
nunha poeira do ceu.

De tempos remotos viña
preso no seu duro ser
o espírito dun home
tolo ou poeta tal vez,
e por eso lle chamaban
como se chababa aquel
que enriba das súas costas
namorado falescéu:
soñador, tolo ou poeta,
¡pobre Domingos de Deus!

As vagas enfurruñadas
desfixéronse aos teus pes,
os alentos tempestosos
pasaron sen te mover,
os anos non te crebaron
nen o raio te abatéu.

Túa mole rexa e mouro
soubo lutar e vencer

que sempre fostes valente
¡pobre Domingos de Deus!

Alto penedo, redondo,
ti sóo poidías caer
victima da treidoría
dunha grea de xudéus
como,os que crucificaron
a Cristo de Xerusalén.

Os homes enganadores,
solapados e sen lei,
esnaquizaron teu corpo
unxido pola vellez.

Non fica xa de ti nada,
alto penedo que en pe
vixiabas na ribeira
batida polo nordés.

Para lembranza dos nados
as ondas que van e ven
marmuran con son doorido
¡pobre Domingos de Deus!

Centileos nas ondas

PARADA 4: PRAZA DA CONSTITUCIÓN E CASA DO POETA

A praza da Constitución, tempos atrás era o centro da vila onde se atopaba a Casa do Concello (edificio moi transformado pero aínda conserva as columnas de pedra). Nesta praza celebrábase o mercado e era o lugar onde se vendía o peixe para a veciñanza. Cando as peixeiras chegaban alí tocaban a buguina para anunciar a súa mercadoría.



[Praza da Constitución, centro da Muxía histórica](#)

Nesta mesma praza tamén se celebraban os actos festivos da romaría da Barca, o baile do sábado e do domingo, o do luns facíase na praza do Cabo da Vila. A partir do ano 1947, cando se contratou por primeira vez unha orquestra, as festas pasaron a celebrarse no paseo do Malecón, recién construído. No centro da praza situábase unha das dúas fontes públicas que había na vila e que se abastecía da traída de auga procedente do lugar de Chorente.

Moi preto desta praza sitúase a casa na que viviu López Abente, aínda que non naceu nela, senón noutra próxima á praza do Cabo da Grixia, como xa indicamos, pero foi nesta vivenda da rúa Virxe da Barca onde pasou practicamente toda a súa vida.



Despois da súa morte o inmoble foi vendido a un particular polos seus familiares, algúns muxiáns manifestaron o seu desexo de que fose mercada por un organismo público para convertela en museo, pero esta proposta non agromou. Agora vémosla moi reformada, por fotografías que se conservan, sabemos que era unha casa de baixo e un andar, cunha bufarda enriba. Na planta baixa tiña unha porta, cunha fiestra a cada lado, e no primeiro andar, unha galería central, con porta con balcón a cada lado.

[Casa de López Abente, tal como era antes de ser reformada polos novos donos](#)


Continuamos a ruta pola rúa Virxe da Barca e collemos a primeira desviación á esquerda que nos conduce á rúa da Encarnación e á praciña do Cabo da Grixá.

PARADA 5: O CRUCEIRO DO CABO DA GRIXA E A IGREXA PARROQUIAL

Cerca deste cruceiro do Cabo da Grixá estaba a casa onde naceu López Abente, tal como el manifesta nunha carta que lle envía ao seu curmán Horacio Bermúdez Abente, e que se recolle no prólogo do seu libro *Decrúa*.

“Un día coma hoxe 24 de marzal do ano 1878 ás catro da serán, que cadrou en domingo, con feira en San Isidro, abrín os ollos a vida e pola fiestra da casa do Cabo da Grixá en que moraban meus pais, ollei craramente un outo cruceiro e que no seu cume agoniaba un martir cos brazos en crús. Aquel día escoitei a rapsodia mais sobri-me e fíxeme segrel. Pillei un laúde e con ele ao lombo boteime a cantare polo mundo adiante ” (Poesía completa, 2013: 407)

Este cruceiro, o único que se atopa dentro do núcleo urbano de Muxía, no camiño que leva á igrexa parroquial de Santa María, consta dunha plataforma de tres escaleiras cun pedestal cadrado, do que se eleva un esvelto varal oitavado, rematado nun capitel cuadrangular, circundado por unha mediacana. Na cruz represéntanse no anverso o Crucificado, e ao seu carón, un San Francisco. No reverso móstrase a imaxe da Inmaculada coroada por dous anxos. Polos seus trazos e as formas das súas figuras podemos deducir que estamos diante dunha obra barroca.



[Cruceiro do Cabo da Grixá](#)

Deste cruceiro parte a rúa Encarnación, que leva este nome pola antiga capela que estaba situada de par da igrexa parroquial. Unha pequena construción do século XVI, de forma cadrada e cunha porta de arco semicircular. Despois de deixarse arruinar, derrubouse na década dos anos setenta do pasado século.

Seguimos pola rúa Encarnación ata a da Virxe da Barca que nos conduce cara ao santuario. Ao chegar á altura da igrexa parroquial realizamos unha parada para observar este templo medieval de estilo románico de transición ou gótico mariñeiro, situado nun lugar elevado, na aba leste do monte Corpiño. O reducido espazo no que se levantou provocou que a súa fachada quedase moi encaixada contra os penedos do propio monte e con moi pouca visibilidade. Está formada por unha nave e unha ábsida rectangulares.

No primeiro tramo do muro norte sobresaí a capela do Rosario que conserva unha fermosa bóveda de cruceira e a sancristía, de construción máis recente. No muro sur ábrese unha porta travesa e sobresaen os contrafortes que soportan o empuxe dos dous arcos faixóns da nave. Tamén dispón de contrafortes no testeiro para fortalecer o muro desta parte. Nalgúns dos canzorros da nave e da ábsida aprécianse figuras humanas moi desgastadas pola erosión.



Igrexa parroquial de Santa María de Muxía

Na fachada destaca a súa portada con arco apuntado e cunha arquivolta que apoia sobre columnas arrimadas que teñen por base dous capiteis invertidos de mármore, que posiblemente procedan da antiga mansión romana que houbo en Moraime. O seu tímpano liso, aséntase sobre dúas ménsulas decoradas con dúas figuras evanxélicas e está enmarcado polo arco apuntado da arquivolta adornada cun bocel e un motivo dentado.

O relevo en pedra que se conserva no interior da igrexa, tamén con forma apuntada e no que se representa de maneira rústica a Virxe co Neno, no centro, e a Santa Bárbara e San Pedro nos laterais, podería pertencer ao tímpano da portada desta igrexa.

O interior da nave está dividido en tres tramos por dous arcos góticos que apoian sobre columnas arrimadas, coroadas por capiteis nos que se representan de xeito esquemático figuras humanas, animais ou motivos vexetais. A nave cóbrese con teitume de madeira e o acceso á ábsida faise a través dun arco triunfal apuntado.

Nunha situación máis elevada que a igrexa sitúase o campanario, de construción moi posterior, en forma de espadana, con dous ocos rematados en arcos de medio punto, que acollen as campás.

O CRUCEIRO DO CABO DA GRIXA

Ao meu curmán Xosé Lastres

Tí, do Cabo da Grixá meu cruceiro,
unha historia me ensinas do pasado
na que un home pasou por embruxado
e chorou na cadea prisoeiro;
xa liberto do aldraxe mintireiro
ergueute agradecido n'un calado
curruncho do seu pobo. –Agarimado
das raiolas do sol que vin primeiro,
de cote, cando os meus ollos che miran,
ven unhas sombras que incesantes viran
das tuas escaleiras a carón:
Un home c'unha branca vestidura,
e tras d'él, unha besta co-a figura
xigantesca e cornuda d'un cabrón.

Nemancos

PARADA 6: CAMIÑO DA BARCA E FURNA DA RECHINOLA

O camiño que leva ao santuario permítenos gozar de espléndidas vistas sobre a ría de Camariñas, na que apenas se ven nas súas marxes núcleos urbanos. De fronte enxergamos as aldeas de Merexo e Leis, e as praias do Lago e da Barreira. A vila de Camariñas queda agochada detrás da punta do Boi, na que se sitúan os restos do antigo castelo do Soberano.

Ao chegar á altura da furna da Rechinola faremos unha pequena parada para observar esta entrada de mar e a paisaxe que se divisa desde este lugar. Esta concavidade denomínase así por aniñar nela unha ave que leva ese nome, parece ser que se trata dun tipo de andoriña. López Abente dedicoulle un poema a esta cova mariña e ao paxaro

que lle deu nome.



Panorámica desde a furna da Rechinola, e ao fondo, o cabo Vilán

Se proxectamos a mirada cara á outra banda da ría vemos o monte Farelo coa capela da Virxe do Monte no seu cume, e máis á esquerda, o cabo Vilán, onde se levanta o famoso faro, ao que López Abente lle dedica unha das súas composicións. Compárao cun cíclope ou xigante e o que máis lle chama a atención é o seu “brilante lostregar”. Este faro foi o primeiro de toda a costa peninsular en dispoñer de luz eléctrica, por iso o seu resplandor destacaba na noite cando aínda todos os núcleos de poboación da contorna carecían dese tipo de enerxía.

FURNA DA RECHINOLA

Tes nome de paxaro: Rechinola.
Rechinola no berce da soedade
que o rexo mar agarimoso arrola.

No seo da túa oca escuridade
bule un anxeio, brila unha raiola,

fuxe un eco a voar en liberdade.

Furna de Rechinola, con penedos
redondos e puídos polas vagas
e as ardentías que removen medos,
dentro do peito con remorsos pagas
o pecado mortal dos teus segredos
e a dor terrible das antergas pragas.

Na brancura da espuma o teu alento
escribe caracteres misteriosos
que só descifra refungando o vento.

O fogo dos desexos arelosos
que en lóstregos aviva o pensamento,
latexa no teu sangue e nos teus osos.

A túa moura boca, negra arca
que garda os froitos do teu cego afán,
olla a lus do muíño do Vilán
e sente o fervor místico da Barca.

Perto do santuario, frente ao faro,
teus ensoños o mar canta e arrola.
Miña amiga, tes nome de paxaro:
¡furna da Rechinola! ¡Rechinola!

Centileos nas ondas

O VILAN

É quizais un xigante poideroso
qu'ollándonos está,
c'un ollo refulxente qu'alumía
n-azul inmensidá...

.....

Ben-o vexo, antr'a brétoma, alá lonxe,
brilante lostregar;
eu ben vexo antr'a brétoma o seu ollo
constante parpadear...
.....

É un ciclope soberbo qu'alumía
aos que pol'auga van,
é un ciclope soberbo que lostrega
n-o monte do Vilán.

Escumas da ribeira

PARADA 7: O SANTUARIO DA VIRXE DA BARCA

O primeiro santuario da Virxe da Barca debeu fundarse ao redor dos século XIII ou XIV e os seus impulsores foron os monxes beneditinos do mosteiro de Moraime coa finalidade de cristianizar aquel lugar de ritos pagáns, constituído polas pedras situadas no extremo da península de Muxía. O documento máis antigo no que aparece citado o santuario corresponde ao ano 1544, e trata sobre un preito mantido entre don Alonso García, comerciante muxián e procurador da capela da Barca, e Pedro Piñeiro, cura párroco de Santa María de Muxía.

Na portada deste documento dise: "Fundose esta hermita que antes se llamaba lugar das Cruzes por licencia del Arzobispo de Santiago Lope de Mendoza". Isto indícanos que esta capela se construíu na primeira metade do século XV, e puido reemprazar a outra anterior. Este templo sería substituído polo actual construído a comezos do século XVIII, a iniciativa do arcebispo Antonio de Monroy, sendo as obras custeadas por Juan Rivadeneira, Conde de Frigiliana e Aguilar, e a súa dona Alfonsa de Castro Villamarín, e despois pola súa filla Teresa de Taboada, casada con José Benito Lanzós Novoa de Andrade, condes de Maceda, señores das torres de Cereixo (Vimianzo).

Estes mesmos condes serán os que paguen tamén o altar maior do santuario, unha das mellores obras do escultor santiagués Miguel de Romy, pintado polo artista Antonio Uzal, tamén compostelán. Este magnífico retablo desapareceu como consecuencia do

terrible incendio que se produciu neste templo o 25 de decembro de 2013.



O santuario da Virxe da Barca o día da celebración da romaría

A pesar de que López Abente era un fervente devoto da Virxe da Barca, como todos os muxiáns, non fai alusión na súa obra poética á importante romaría que se celebra na honra desta Virxe, nin ás afamadas pedras que hai a carón do santuario. Seguramente que o fixo para arredar do folclorismo.

O poeta muxián dedicarlle un conxunto de poesías á Virxe da Barca, que se recolleran nun libro baixo o título de *Monza de frores bravas para a Nosa Señora da Barca*, publicado no ano 1971 pola Real Academia Galega, co motivo de dedicarlle ese ano o Día das Letras Galegas ao escritor muxián. O poeta fuxindo do costumismo e do popular preséntanos neste curto poemario, unha Virxe sorrinte, milagreira e protectora dos seus devotos. Raíña do mar.

Tamén foi López Abente quen compuxo a letra do himno da Virxe da Barca, que a pesar do seu desexo de que este fose escrito en galego, as autoridades do momento non respectaron a súa vontade. A música foi composta por Gerardo Martín Peña, mestre de capela da catedral de Salamanca.

ABALANDO

Érguese a linda alborada
vistida de escentileos
e para que o amado vexa

abre as fiestras do ceo.
Refrega os ollos o sol,
espreguízase e lixeiro
pilla a súa amada e vaise
coela nas azas do vento.
Polos outos fenestrás
a parella entra no tempro
e aos pes da Virxe da Barca
a pregar cae de xoennlos.
As Sombras agoniantes
acóchanse nos cornechos.
¡A noite tírase ao mar
chorando e morta de medo!
O retabro corusquea
de ouro, de lus e contento;
os apóstolos escisman
na ceifa dos envanxeos;
cantan os anxos garridos,
gordos, risoños e ledos,
a redor da milagrosa
Raíña dos universos
que sorrí no camarín
entre bancos candieiros
e froriñas homildosas
de doce e lene arrecendo.
A Virxe deixa o milagre
fuxir do seu duro encerro,
e aló embaixo, diante dela,
con estrondo grave e rexo,
ponse soio a abanear
aquel enorme penedo ...
*¡Pedra de abalar bieita
que foi nave noutro tempo!*

Monza de frores bravas para Nosa Señora da Barca

PARADA 8: AS PEDRAS DA PUNTA DA BARCA

O culto ás pedras, así coma a outros elementos da natureza, aparece documentado dende tempos prehistóricos en diferentes culturas; manifestándose a través de insculturas rupestres, monumentos megalíticos, pedras figurativas, pedras fertilizantes, pedras adiviñatorias, etc.

As pedras de Muxía situadas na punta de Xaviña deberon constituír un dos maiores lugares de culto litolátrico do noroeste peninsular. O seu poder de atracción mantívose vivo ao longo da historia, chegando ata os nosos días.



Romeiros abalando a Pedra

Son varias as funcións que se outorgaron a estas pedras. A maioría dos autores relaciónanas co culto á fertilidade, atribución que na actualidade non se percibe debido á persecución que foron sometidos este tipo de ritos pagáns trala chegada do cristianismo.

No conxunto pétreo muxián a pedra de Abalar e a pedra dos Cadrís son as máis coñecidas, pero xa dende antigo aparecen tamén documentadas a do Temón e a dos Namorados.

Dende hai aproximadamente uns trinta anos os romeiros tamén lle atribuíron propiedades curativas á denominada pedra da Cabeza.

Como xa indicamos anteriormente, no seu afastamento costumista e popular, López Abente non fai alusión a estas pedras como lugar de adoración ou culto pagán e as súas atribucións con fins terapéuticos ou fecundantes.

Tan só fai referencia á pedra de Abalar e para iso considéraa como un *medium* da Virxe que alerta das traxedias ou abala soa como sinal de verificación milagreira da Nosa Señora.

A PEDRA DA BARCA.

Vin fuxil-as brétomas
ao sopro do vento,
e cando escurrían
pol-o mar inmenso,
un salayo salía, profundo,
do forte penedo,
do penedo que agoira as traxedias
con tristes lamentos.

.....

Com'un globo de fogo amostrouse
o sol n-o alto ceo,
e n-o branco tellado da Barca
relucéu con dourados reflexos.
Unha cántiga doce entoaron
mil gorxas n-o tempro,
e quedaron tranquila-as augas
do mar medoñento.

.....

Eu vin logo n-o mar un barquiño,
un barco baldeiro,
e un queixume sentín outra volta
do forte penedo.

Escumas da ribeira

PARADA 9: O MONTE CORPIÑO

Este outeiro (68 m.), que destaca no medio da estreita península na que se asenta a vila de Muxía, é un lugar referencial para todos os muxiáns, e de aventuras e xogos de infancia. Ao abeiro del naceu o núcleo urbano muxián e construíuse a igrexa parroquial. Un elemento tan significativo da paisaxe local non podía pasar desapercibido para

López Abente, de aí que lle dedicase un poema no seu primeiro libro *Escumas da ribeira*. O poeta compara os seus sentimentos amorosos coas calidades dos penedos deste monte: “tristes, barudos e grandes.



Vila de Muxía ao pé do monte Corpiño

O monte Corpiño constitúe o mellor miradoiro natural para observar o núcleo de Muxía e a paisaxe de arredor. Ao norte, sitúase o santuario da Barca e o cabo Vilán; ao leste, a ría e as praias de Leis e o Lago; ao sur, a vila muxiá; e ollando ao lonxe, o monte Facho; e ao oeste, a inmensidade do océano.

Descoñecemos se neste outeiro pedregoso se practicou algún rito precristián, pero desde moi antigo foi cristianizado cunha cruz de pedra, que antigamente se pintaba de branco. O seu nome pode deberse á aparición dalgún enterramento momificado e venerado posteriormente, recibindo o nome de corpiño. Preto de aquí, en Chorente, temos este mesmo topónimo.

Existe unha lenda que conta que o monte Corpiño era oco por dentro e que a porta de entrada situábase entre uns penedos onde había unha ferradura agochada baixo unha pedra, que indicaba o lugar por onde se podía acceder ao seu interior. Esta lenda poderíase relacionar coa que existe en moitos castros ou outros restos históricos sobre a existencia dun túnel baixo terra no que habitan os mouros, polo que este lugar quedaría tamén unido á mitoloxía destes seres lendarios..

N'O MONTE CORPIÑO

Penedos, altos penedos
do Corpiño vixiante;
sodes com'o meu amor,
tristes, barudos e grandes.
¡Cantas veces, cantas veces
dend'o curuto en qu'estades
sufríchedes impasibres
o furor dos temporales!
Nin os ventos qu'arrincaron
doridas queixas aos mares,
nin as duiras medoñentas
das frecuentes tempestades,
de movervos unha vez
penedos imperturbabres,
de movervos unha vez
foron hastr'hoxe capaces;
que sodes, altos penedos
do Corpiño vixiante;
o mesmo qu'o meu amor
tristes, barudos e grandes.

Escumas da ribeira

PARADA 10: CAMIÑO DA PEL

Denomínase así o camiño que percorre a península muxiá pola parte oeste e que conducía tamén ao santuario da Barca. Trátase dunha vía secundaria, máis utilizada polos romeiros que padecían enfermidades contaxiosas, sobre todo aquelas relacionadas coa pel. Pasaba próxima á fonte da Pel, de aí a súa denominación. Neste manancial era onde se lavaban e aseaban os romeiros antes de entraren no santuario. A súa pía rectangular formada por varios perpiaños tamén se ten utilizado como lavadoiro. Actualmente esta fonte está moi destruída e en estado de abandono. Cómpre ser restaurada, xa que forma parte do patrimonio histórico muxián.

Preto deste lugar sitúase a Sala do Perello, un enorme penedo fendido pola erosión que non seu interior forma un pequeno habitáculo e do que se contan algunhas lendas, entre

elas, a que di que alí viviu un xastre ou zapateiro. O nome de Perello, significa diaño ou demo, polo tanto ten connotacións anticristiáns e pecaminosas, por iso, non se recomendaba que alí se achegase a xente, sobre todo nenos, porque tamén se dicía que era un lugar ao que ían as parellas a practicar sexo.



Hortas no camiño da Pel, circundadas por valados de pedra

Na paisaxe desta parte destacan os valados que circundan as pequenas hortas, choídos con pedras miúdas, e que nalgúns casos, acadan unha elevada altura. A súa función ademais de delimitar as propiedades tamén era protexer os cultivos dos fortes ventos e do salitre do mar. Hoxe constitúen un valioso patrimonio que sería necesario protexer porque lle dan un carácter singular á paisaxe desta parte costeira, tamén polo seu valor histórico e etnográfico.

MOXENA

Polo camiño da Pel
vai para a Barca una nena
a ver se cura una pena
que padesce por mor dél.

Aos pés de Nosa Señora
que está embarcada no altar,

vese o vivo escentilar
das bágoas que a nena chora.

Polo camiño da Pel
volta san da Barca a nena,
e trai no peito a moxena
bermella dun caravel.

Monza de frores bravas para Nosa Señora da Barca

PARADA 11: OS SECADOIROS DE CONGRO



Antigo secadoiro de congro na pena do Abrigo (R. Caamaño, 1926)

O secado de congro en Muxía comezou xa cando se instalaron alí os primeiros pescadores. non obstante, a súa comercialización é máis tardía, quizais comezase no século XIII ou XIV, cando se principiaron a desenvolver as actividades mercantís co motivo do tráfico comercial que pasaba por diante desta costa.

A primeira información documentada da existencia de secadoiros de congro en Muxía da que temos constancia data de comezos do século XVI e nela recóllese a súa exportación para portos do norte peninsular.

No século XVII hai noticia de que tratantes das Rías Baixas viñan aos portos da Costa da Morte a mercar congro curado que logo exportaban a outros lugares da península. Cara a 1630 recóllese noutro documento que varios veciños muxiáns envían congro

curado para o porto de Bilbao, para despois ser vendido en diferentes núcleos do interior peninsular.

Coa chegada dos cataláns a Galicia a mediados do século XVIII, a exportación de peixe salgado e curado aumentará, tendo como destino Castela e o Mediterráneo.



Congro pendurado nas cabrias do secadoiro da Pedriña

Segundo unha breve historia de Muxía de Joaquín Currás, escrita a comezos do século XX, a industria do congro e a do encaixe eran as máis importantes que había nesta vila. Neste século chegou a haber cinco secadoiros de congro no porto muxián. Un na zona do Coído, de José Castro; dous na Pena do Abrigo: o da familia Diz e o dos merexáns, Paz e Parada; outro na Pena do Pazo, dos Martínez e máis tarde dos Sambade; e por último, un dos irmáns Sambade preto da Pena do Abrigo. Actualmente quedan tan só dous en actividade: o do Coído, que segue a curar este peixe de xeito artesanal, e o de Lemar, que o fai nun secadoiro mecanizado.

O proceso de preparación do congro nos secadoiros resulta moi laborioso, comeza co esmonifado, operación que consiste en abrirlle a cabeza ao peixe, facéndolle un burato para colgalo no torno que ten o banco e despois evisceralo. Logo láñase, é dicir, ábrese a todo ao longo cunha poda; a continuación fánselle os buratos ao longo do corpo de xeito que vaian contrapeados, é dicir, alternando unhas filas con outras en sentido vertical. De

seguido, realízase a operación de lavado nos píos, onde se lle dan dous lavados: un primeiro para quitarlle os restos de graxas e sangue, e un segundo, para deixalo ben limpo. Unha vez limpo faise o envarado, que consiste en pasar polos ocos dun dos bordes unha vara de canaveira, atándoa na cabeza e no rabo do congro para que non se mova ao colgalo na cabria. Feito o envarado pendúrase nas cabrias, estruturas feitas de paus verticais cruzados por outros horizontais. O congro máis grande, colócase na parte máis alta e a continuación o de menor tamaño. Logo vaise baixando á medida que vai curando. Cando xa está bastante curado sácase das cabrias e remátase de curar nos valados de arredor do almacén. Este proceso leva entre 15 e 20 días.

Unha vez curado o congro, sácaselle a canaveira, clasifícase por tamaños e vaise poñendo en fardos segundo os pedidos.

Actualmente esta industria artesá está a pasar por un momento de crise e agárdalle un futuro incerto pola falta de relevo xeracional, pola diminución da demanda deste produto e pola falta de apoio da administración.

PARADA 12: O COÍDO E A CAMPOSA

A Muxía tradicional, o mesmo que moitos outros núcleos mariñeiros, viviu de costas ao mar. Un mar que foi a razón da súa existencia, pero ao mesmo tempo constituía o seu maior perigo.

En Muxía hai dous mares, o mar da Ribeira que dá á ría, maino e menos perigoso; e o mar do Coído, bravo e ameazante, que no inverno, como ben di López Abente, bate con furor contra os cons, sobe polas puntas, derruba as paredes das hortas e que “corre polas rúas ribeiranas e tortas / antre as casas humildes dos mariñeiros bravos”. O que o poeta describe no seu poema “O meu mar”.

Nesta zona do Coído, aberta a ese mar valente e destemido, atópase a Camposa, “seca e árida”. Unha chaira situada na parte occidental da vila, anteriormente zona de hortas, na actualidade zona urbana que leva ese mesmo nome.

Neste espazo aberto e chaira foi onde se construíron as casas baratas e a maior parte dos edificios de servizos públicos: colexios, centro de saúde, cuartel da garda civil, pavillón

polideportivo e edificio de servizos múltiples.



Solpor na praza do Coído

Durante a catástrofe do Prestige, ocorrida en novembro de 2002, as imaxes deste mar do Coído impregnado de chapapote que rompía contra o muro protector, deron a volta ao mundo e espertaron a conciencia de miles de voluntarios que acudiron a Muxía a colaborar na limpeza da costa.

O MEU MAR

Una nube de chumbo a tapar todo o ceu;
borraxeira e orballo que revoan no ar;
os inxentes penedos, xa tristes de seu,
espallando queixumes con dorido fungar;
os montes envolveitos na brétema sutil;
e as bocas desdentadas da furnas no cantil.

Escumas, ardentías,
atruxante balbor,
e, cal apocalípticas porfías

de cíclopes, vestiglos e xigantes
das vellas e varís mitoloxías,
os ecos trepidantes
do líquido elemento bruador.

O mar!
O meu mar!
O mar que eu vexo,
nestes días de inverno,
gris, abalante,
inquedo, forte e rexo,
a cólera a roubar do fondo do averno
e a bater na orelas, escumante
de rabia e de furore, nun épico loitar!

Este mar que derruba co-as paredes das hortas,
desfaise contra os cons e sobe polos cabos;
que corre pol-as rúas ribeiranas e tortas
antre as casas homildes dos mariñeiros bravos.

Este mar belicoso que a costa brava asedia,
que as ondas esnaquiza n-unha branca fervenza
i en escumas de prata no cantil as destrenza...
é o gran creadore d'unha eterna traxedia.

Nemancos

A CAMPOSA

Pouco á pouco fun andando hastr'a a Camposa,
hastr'aquela camposiña seca e árida
sin frescuras, sin verdores,
sin fragancias,
c'unhas herbas muchadiñas, muchadiñas e tristeiras,
que, cativas, alí crecen sobre das areas brancas.
Hastr'aquela camposiña, com'a diosa doc'e pálida

que coloquei n-os altares agochados
n-o máis fondo das entranas,
fun andando, fun andando, fun andando paseniño,
que á Camposa solitaria,
sin frescuras, sin verdores e co-as herbas muchadiñas,
simboliza á miña y-alma.

Escumas da ribeira